

As cancións expresan as emocións con música.

- Hai cancións de amor e de desamor, de loita, de denuncia de inxustizas... Polo xeral, expresan sentimentos humanos: esperanza, liberdade, tristeza, alegría... ou contan historias.
- As cancións, por teren **letra e música**, causan un impacto directamente na sensibilidade do oínte porque teñen diferentes vías de entrada.

O éxito dunha canción é moi difícil de prognosticar, pero o tema que está pensado para triunfar adoita ser o primeiro en todos os discos.

■ Nunha canción valórase:

- A **melodía**. As combinacións melódicas son infinitas, pois a combinación das notas musicais é infinita; dúas melodías poden parecerse, pero nunca serán iguais. Hai cancións cunha melodía que se pega ao instante, mentres que hai outras que necesitan escoitarse varias veces para retelas e podelas reproducir.
- O **ritmo**. Toda melodía ten ritmo, pero na música moderna non son fáciles de ler porque teñen moitas notas que se desprazan dun tempo a outro. Moitas veces tócase máis por imitación que pola súa lectura.
- A **letra**. O texto dunha canción márcanos a temática e, xa que logo, o estilo da canción. Sempre que se fala de canción débese considerar o texto:
 - pola articulación das palabras, dos sons vocais e consoantes;
 - polo significado da letra;
 - pola maxia da unión de texto e música.
- O **acompañamento**. En todas as cancións atopamos acompañamentos rítmicos e harmónicos que as visiten, as enxalzan, as completan...
 - A batería e mais a percusión marcan a pulsación, os modelos rítmicos de cada estilo, alternándoos con ritmos que lle dean personalidade á canción.
 - As guitarras, o baixo e os teclados interpretan o acompañamento harmónico. Cada instrumento coa súa función.
 - Os restantes instrumentos, a miúdo de vento, danlle personalidade e orixinalidade á canción. Tocan frases que lle dan viveza e forza.
- A **estrutura**. As cancións están organizadas mediante a alternancia de estrofas, retrosos e interludios instrumentais (improvisados ou escritos). Moitas veces, un bo equilibrio entre a repetición, a novidade e a variación é o que lle dá o atractivo a unha canción. As repeticións deben ser as suficientes para que se lembre, pero no caso de abusarse deste recurso, poden facerse pesadas.